

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

29796 (10/CPC-000050)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias para informar sobre a situación relacionada coa couza guatemalteca da pataca

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018*

**Punto 2. Preguntas**

2.1 28345 (10/POC-004557)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos a favor da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018*

2.2 28702 (10/POC-004607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para resolver as solicitudes de axuda para a retirada dos montes da madeira queimada sen valor comercial, as súas intencións en relación coa asunción da súa trituración cando as comunidades de montes non sexan quen de sacala polos seus propios medios e a súa opinión respecto da posibilidade de modificar, en casos de urxencia por incendios forestais, o seu sistema de comercialización en montes con convenio contando coa participación das comunidades de montes


*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018*

2.3 29114 (10/POC-004664)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para lles evitar ás



explotación agrarias que fan transferencia dos dereitos de pagamento único dentro da mesma explotación ou sociedade o prexuízo económico que lles está a ocasionar a súa inclusión na liquidación e no pagamento da cota tributaria correspondente co IRPF

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 25/04/2018 16:35:24**